

PEZA DO MES

marzo

2026



**PESAS DE TEAR TARDORROMANAS
CONXUNTO ARQUEOLÓGICO-NATURAL DE
SANTOMÉ**

Pesas de tear tardorromanas do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé

Contexto: nivel 015 (espazo J, ST19)

Cronoloxía: finais do século IV - comezos do século V d. C.

Material: cerámica

Número de pezas: 5 (sigla de escavación: ST19-1159; ST19-1157; ST19-1161; ST19-1160; ST19-1158)

Núm. inv: DX1378/278; DX1378/276; DX1378/280; DX1378/279; DX1378/277

A actividade téxtil constitúe unha das prácticas máis constantes e significativas da historia humana. Dende os teares de pesas romanos documentados en xacementos como o de Iria Flavia (Padrón, A Coruña), ata as fusaiolas castrexas do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), o tecido acompañou procesos de transformación social e tecnolóxica ao longo dos milenios. Na Gallaecia tardorromana, o traballo téxtil levábase a cabo no ámbito doméstico como un elemento fundamental tanto da economía campesiña como das estratexias de subsistencia comunitaria.

A continuidade destas técnicas, adaptadas aos materiais e necesidades de cada época, poñen en evidencia un saber técnico, social e cultural, transmitido en moitos casos por mulleres, que se enmarca dentro das actividades cotiás que sosteñen o grupo. As pesas de tear atopadas en Santomé son un exemplo que representa unha tradición de longa duración que entrelaza unha manufactura artesá estendida dende a Prehistoria ata a Galicia moderna.

O Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé é un dos xacementos mellor escavados e conservados de Galicia, e constitúe un referente clave para o estudo das transformacións sociais, económicas e políticas entre os séculos IV-V d. C. O seu valor patrimonial radica na magnitude das súas estruturas así como na riqueza dos materiais recuperados, que amosan diferentes fases de ocupación que se prolongan ata a Alta Idade Media.

Aínda que o xacemento comprende varias áreas escavadas e consolidadas –grazas aos traballos de investigación e posta en valor–, neste caso imos centrarnos na ladeira sur, unha zona escavada no ano 2019. Este espazo, documentado como unha ampla área de produción, presenta fases que nos

levan aos momentos finais do Imperio Romano na Gallaecia. Neste documentouse unha das actividades máis significativas do asentamento: a industria doméstica téxtil, que fala da vida cotiá e das prácticas relacionadas co mantemento das comunidades rurais nun tempo de cambios profundos.

O conxunto de pesas de tear que seleccionamos foi atopado nun nivel de terra escura e compacta, situado baixo unha derruba de tégulas que formaba parte das cubetas da ladeira sur do xacemento. Este estrato de terra estaba asociado a materiais cerámicos, vidros, metais e ósos vinculados a un momento de abandono ou de transformación do edificio, entre finais do século IV e comezos do V d. C. Foron recuperadas durante a última campaña levada a cabo por Breogán Arqueoloxía, coa dirección en campo de Eduardo Breogán Nieto, e a dirección científica de Xulio Rodríguez, Manuel Xusto e Avelino Rodríguez, e financiada por la Xunta de Galicia.

As cinco pezas presentan unha forma troncopiramidal e alongada, con sección cadrada redondeada e pastas en tons laranxas, amarelos e cinsentos, resultado de diferentes maneiras de expoñer as pastas á cocción das pezas. Tres delas conservan a forma completa, mentres que as outras dúas corresponden a fragmentos da parte inferior. Algunhas amosan marcas incisas na parte superior, cunha posible letra «R» ou «S» invertida, e unha aspa gravada, testemuño da identificación ou control do traballo das pezas.

Estas pezas formaban parte dun tear vertical, empregado para suxeitar ou tensar os fíos durante o proceso de tecido. A concentración nun mesmo nivel e a homoxeneidade formal suxiren a existencia dun posible espazo doméstico dedicado á produción téxtil, unha actividade esencial para a vida cotiá das sociedades deste período de transición á Alta Idade Media.

Os pondus ou pesas de tear constitúen unha das poucas evidencias materiais que nos permiten aproximarnos ás tarefas de mantemento e produción doméstica, actividades esenciais na economía campesiña e o fogar durante a transición á Alta Idade Media. Xunto a elas, tamén se documentaron fusaiolas, pequenas pezas discoides empregadas como contrapesos dos fusos para fiar, que evidencian que o fiado manual era unha práctica habitual en contextos domésticos.

Contextos arqueolóxicos de cronoloxías similares, como o Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo),



REPRESENTACIÓN DE ESPAZOS POLIFUNCIONAIS ONDE SE TRABALLA O TÉXTIL E A MOENDA EN SOCIEDADES IBÉRICAS E ROMANAS EN LA SAFOR (VALÈNCIA). ILUSTRADO POR VICENT ALMAR. ASESORIA CIENTÍFICA: JOAN NEGRE, IGNASI GRAU, IVAN AMORÓS. MUSEU ARQUEOLÒGIC DE GANDÍA. CEDIDA

presentan una ampla colección deste tipo de materiais, o que reforza a produción téxtil nos asentamentos do noroeste. Pola contra, no Castelo de Valencia do Sil (Vilamartín de Valdeorras), a presenza de fusaiolas é moito máis reducida, pese a identificar unha notable variedade tipolóxica de pesas de tear. Esta diferenza podería indicar o uso doutros mecanismos para o fiado, como as rocas de madeira por exemplo, das cales non se conservaron no rexistro arqueolóxico os seus compoñentes orgánicos.

En calquera caso, a actividade téxtil no Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé debe entenderse como unha práctica fundamental para o sostemento económico e social da comunidade. Non só garante a confección de pezas de roupa ou tecidos de uso cotián, senón que tamén permitiu a xeración de excedentes destinados ao intercambio. O seu carácter técnico e especializado, profundamente enraizado coa casa e a vida cotián, converte o traballo téxtil nun indicador chave para comprender as estratexias de mantemento, coidado e reprodución social das comunidades rurais tardorromanas do noroeste peninsular.

Por mor da súa dilatada historia, podemos seguir a continuidade cultural da produción téxtil a través do tempo nas aldeas galegas con distintas técnicas, formas e significados. Destacan traballos como o do liño ou o da la que constituíron en moitas zonas un sinal de identidade local. Os teares domésticos, os fusos e as rocas mantiveron viva unha economía de autoconsumo baseada na cooperación comunitaria e na transmisión interxeracional do coñecemento.

Nesta diversidade de prácticas téxtiles, podemos destacar casos como o das fiandeiras dos fiadeiros e fiandóns do norte do territorio galego ou as palilleiras da Costa da Morte, que evidencian como os fíos teceron redes materiais e afectivas a través das que se articularon a vida social das comunidades. Mediante os estudos arqueolóxicos e etnográficos, podemos coñecer como estes traballos constitúen un patrimonio material e inmaterial que reforza a cohesión comunitaria, os vínculos e as relacións sociais, así como a memoria colectiva.

Dende proxectos actuais como CoidarQ: coidados, materialidades e espazos (www.coidarq.com), o estudo da produción téxtil concíbese como unha vía para analizar a materialidade dos coidados e as formas de sostemento da vida ao longo do tempo. Por outra banda, Mapping Cares (<https://coidarq.com/mapping-cares/>) busca revalorizar estas tarefas mediante itinerarios museográficos nos que as pezas vinculadas ao coidado e á produción doméstica se converten nas verdadeiras protagonistas.

As pesas de tear de Santomé permiten vincular os restos arqueolóxicos cos estudos dos espazos domésticos e a perspectiva de xénero, amosando como as tarefas téxtiles se integraban nun sistema económico e social baseado na cooperación e a transmisión de saberes. Estas actividades, tradicionalmente relegadas a un segundo plano, recoñécense hoxe no eido da investigación como parte esencial das estratexias de mantemento e posta en valor das comunidades rurais, tanto presentes como pasadas. No eco das pesas de tear de este xacemento perviven as mans e as memorias que, xeración tras xeración, entrelazaron os fíos da historia; unha historia tecida na memoria de tantas mulleres da Galicia moderna e contemporánea.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓGICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Celtia Rodríguez González (USC-UM) Andrea Mouriño Schick (USC) e Ana Delia González Jiménez (UGR)

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956